



FEDERACION GALEGA  
DE AUTOMOBILISMO

E-Mail: fga@fga.es  
http://www.fga.es  
Tlfo: 988 272 841 - Fax: 988 271 461  
Ctra. de Vigo, 43 Baixo - O Pino  
32001 OURENSE



Comunicado nº 119/20

31 de Agosto de 2020

## ❑ SOBRE AS ANULACIÓNS DE PROBAS NA TEMPADA 2020.

Ola bos días, ante a situación creada polo Comunicado Nº 107/20 vémonos na obriga ética e moral de clarexar os diferentes puntos de vista a tenor de que tiñamos unha previsión deportiva de que a tempada 2020 fora a mellor dos derradeiros trinta anos do Automobilismo Galego. Por mor da pandemia, do Covid-19, os diferentes Campionatos foron desmoronándose como un castelo de naipes. Desde a Federación, que non pechou as súas oficinas durante o confinamento, sempre se tentou loitar, axudar, e ofrecer saídas a tódolos organizadores dos diferentes Campionatos para salvar probas que poideran facerse baixo mínimos desexables, tanto no eiro do Covid-19 como no económico. A día de hoxe parece que ó final da tempada levaranse a cabo dezaseis probas (sempre e cando non exista nas comarcas un rebrote do Covid non desexado). A Comisión Executiva e a Comisión Económica, co Presidente ó fronte, **nunca tentaron menospreciar nin insultar a ninguén;** quizais si concienciar cunha presión moderada para tentar salvarlos mobles dunha tempada que ía a ser a mellor e leva camiño do desastre.

Noutro eido a Federación si colaborou, e colabora, coas probas estatais que se están a celebrar en Galicia, que sorprendentemente están a selo referente e envexa das outras que non se están a celebrar no Estado Español.

Para clarexar, dúbidas e susceptibilidades, dicir que a Federación estivo en contacto cos organizadores de probas, dos diferentes Campionatos, e **a maioría poñían a par o Covid-19 e a situación económica** provocada polo peche e inacción dos negocios; polo que non poderían levar a cabo as probas calendadas para a tempada 2020.

Si calquera dos axentes sociais do Automobilismo Galego se sente ofendido, informar que nunca máis lexos da nosa intención, e para soterrar susceptibilidades solicitamos a comprensión dunha situación que non deberíamos estar a vivir e **expresalas mais sinxelas desculpas aos que puideran sentirse ofendidos.**

**FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO**